

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52634 (10/POC-008142)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a favorecer unha competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os vehículos de turismo con condutor (VTC) e a incrementar a competitividade do sector do taxi
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019
- 1.2 53474 (10/POC-008384)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia destinadas a protexer a riqueza natural e patrimonial da serra de Oribio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.3 54811 (10/POC-008635)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar o impacto medioambiental no regato de Piñor, nos ríos Furelos e Ulla, así como para a saúde humana, das verteduras procedentes do polígono industrial de Melide
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.4 55819 (10/POC-008788)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para paralizar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, sometida á información pública no ano 2012, as previsións ao respecto para a X lexislatura, así como a revisión do plan director e a aprobación dos plans de xestión

específicos para cada un dos lugares inseridos nela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

- 1.5 57071 (10/POC-008955)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para lles dar resposta aos catorce mil solicitantes de vivenda inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.6 57108 (10/POC-008959)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre a existencia en Galicia de corenta e sete mil catrocentos fogares cualificados como inadecuados, as medidas que vai impulsar o Goberno galego para mellorar o grao de atención ás familias máis vulnerables e as razóns do recorte ano tras ano das partidas orzamentarias destinadas desde 2017 ao Programa de infravivenda, do Plan RehaVita, cando a demanda incrementou
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.7 57211 (10/POC-008975)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a resposta da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda á pregunta parlamentaria referida ás analíticas realizadas por Augas de Galicia nos acuíferos do contorno da antiga mina de Touro, a posible detección da desaparición da balsa de Bama nalgunha das inspeccións regulares realizadas pola consellaría con motivo da vixilancia periódica da zona e as súas causas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.8 57226 (10/POC-008978)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis
Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras e a posta en funcionamento da estación meteorolóxica de Cospeito, así como a valoración que fai do estado en que aquelas se atopan á entrada da lagoa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidente	
Jacobo Moreira Ferro	P
Secretario	
Antón Sánchez García	GCE

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	M
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52634(10/POC-008142)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a favorecer unha competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os vehículos de turismo con condutor (VTC) e a incrementar a competitividade do sector do taxi

Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2019 12:03:49
Nº Rexistro: 52634
Data envío: 16/07/2019 12:03:49.005

A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mourino Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Neste Grupo Parlamentario somos conscientes de que, nos últimos tempos, o colectivo do taxi viu ameazada a súa competitividade polo desequilibrio que se ten producido entre as licenzas de taxi e de arrendamento de vehículos con condutor, VTC. Un problema que o Ministerio de Fomento debe atallar coa definición dun marco normativo claro e estable que garanta a competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os servizos de alugueiro con condutor.

O Goberno galego ten sido sensible coa preocupación que xera esta situación entre o sector do taxi. Por iso, no marco das súas competencias, no pasado mes de febreiro, concretamente o día 22, publicaba unha orde que regula os distintivos de identificación dos vehículos VTC cuxa autorización se atope domiciliada en Galicia.

Un distintivo que é de uso obrigatorio desde o día 22 de maio e co que se busca facilitar a identificación deste tipo de vehículos, garantir a calidade do servizo que reciben os usuarios e evitar prácticas fraudulentas, así como a competencia desleal.

Paralelamente, desde a Xunta tamén se teñen adoptado outras medidas para incrementar a competitividade do sector do taxi e fomentar o emprego neste colectivo, como pode ser o apoio para a compra de taxis adaptados.

É por iso que os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que xestións ten realizado a Xunta para favorecer unha competencia leal e equilibrada entre o sector do taxi e os VTC?
- 2.- Que medidas ten impulsado nos últimos anos para incrementar a competitividade do sector do taxi?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

CSM-REXISTRO-ENTRADA-001-39
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2019 12:03:49
Nº Rexistro: 52634
Data envío: 16/07/2019 12:03:49.005

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 16/07/2019 11:04:04

Jaime Castiñeira Broz na data 16/07/2019 11:04:25

Jacobo Moreira Ferro na data 16/07/2019 11:05:18

Antonio Mouriño Villar na data 16/07/2019 11:05:29

María Julia Rodríguez Barreira na data 16/07/2019 11:05:43

Gonzalo Trenor López na data 16/07/2019 11:05:58

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/07/2019 11:06:09



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 53474(10/POC-008384)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia
destinadas a protexer a riqueza natural e patrimonial da
serra de Oribio

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

En xuño de 2019, veciñanza de Samos e Triacastela detectou a realización de obras na Serra do Iribio, coa finalidade de abrir pistas para un proxecto de parque eólico da empresa Fergo Galicia Vento, nunha zona que é Rede Natura 2000. Ditas obras foron denunciadas pola Asociación ADEGA o 7 de xuño, ante a Fiscalía e as Consellarías de Medio Ambiente e Industria e dos concellos de Samos e Triacastela, esixindo a súa paralización inmediata.

Posteriormente, estas obras foron paralizadas de xeito cautelar polo Concello de Samos o 19 de xuño, dado que non contaban con autorización municipal, ao “constatar que se están realizando obras non autorizadas nos terreos situados na delimitación do parque eólico”. Aínda así, a maquinaria pesada quedou na serra durante días. Hai que ter en conta que as obras de xuño supuxeron alongamento dos camiños existentes, realización de explanadas, desmontes e terrapléns nas beiras dos camiños, e mesmo o desvío dun camiño orixinal, sen contar para isto cos permisos da Consellaría de Medio Ambiente nin coa autorización do Concello, pois esta fora emitida para o arranxo dos camiños existentes que levan ata o monte co fin de adecualos para o transporte de aeroxeradores e coa condición de que non se variase o largo nen o trazado do camiño orixinal, actuacións que precisarían, neste caso, da autorización previa do Servizo de Conservación da Natureza da Xunta.





En xullo, novamente as máquinas volveron á serra do Iribio, pois o Concello de Samos levantou a paralización cautelar o 5 de xullo, logo de estimar alegacións da empresa Fergo Galicia Vento.

As obras para as que se levantou a paralización cautelar deben corresponder a acondicionar o camiño existente, sen afectar ao ancho nin facer variacións, pero a realidade é que se removeu capa vexetal, se rebaixou considerablemente o nivel do camiño e se ampliou este, alén de seguir destruíndo zonas de turbeira. Ademais, non poden actuar na zona na que xa as obras excederan a autorización concedida, para o cal deberían repoñer a legalidade e contar con autorización do Servizo de Conservación da Natureza.

Por este levantamento da paralización cautelar, hai presentada unha nova denuncia por parte das organizacións ecoloxistas ante a Consellería de Medio Ambiente.

As obras de xuño ampliaron pistas, destruíron hábitats de turbeira e levaron por diante restos do antigo Camiño Real Monforte-Vilafranca, así como o entorno da Medorra do Fial. Así mesmo, o camiño que se pretende ampliar quedou marcado con chantos de madeira e cintas vermellas. En xullo, as obras continuaron destruíndo espazos de turbeira e ampliando notablemente os camiños existentes. Asemade, as obras modifican o camiño de acceso (antes por Triacastela, agora por Samos), co cal nos atopamos ante unha modificación substancial do proxecto e requiriría unha nova Declaración de Impacto Ambiental. Este novo trazado difire do inicialmente previsto e non foi sometido a avaliación de impacto ambiental, polo que non está incluído na DIA do proxecto eólico aprobada en 2005, afectando a terreos Rede Natura distintos dos orixinais.

Así mesmo, ADEGA e a Sociedade de Ornitoloxía de Galicia a denuncian que a Xunta non lles facilita acceso aos expedientes tanto da infraestrutura eléctrica denominada LAT 132 KV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela, como do Parque Eólico Serra do Oribio.





A Serra do Iribio é un espazo de gran valor ecolóxico e cultural. Como sinala a Sociedade de Ornitoloxía de Galicia, a zona é unha área importante para diversas especies ameazadas, destacando a presenza da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e a gatafornela (*Circus cyaneus*), incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas como vulnerables e cun plan de conservación pendente de aprobación. Ademais, conta coa presenza de carballos ananos e coa peculiaridade de ter un camiño real que atravesa toda a serra, así como outros elementos como mámoas, neveiros, un portádego e capela.

Asemade, o parque afectaría á área de protección do Camiño de Santiago, sendo visibles os aeroxeradores durante 60 km do seu trazado, polo que na Declaración de Impacto Ambiental de 2005 (caducada) se contemplaban medidas como pintado de torres e pantallas vexetais.

Estamos a falar dun lugar de Interese Comunitario e Zona de Especial Conservación dos Valores Naturais (ZECVN), parte da Rede Natura 2000 e do ZEC Ancares –Courel e que se inclúe no proxecto de Reserva da Biosfera Ribeira Sacra– Serra do Oribio, así como que é área potencial no Plan de Recuperación do Oso Pardo (proxecto Life Oso-Pardo, cofinanciado con fondos europeos).

No DOG do 16 de xullo de 2009 publícase o anuncio da resolución do 18 de xuño de 2009 polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do “Parque Eólico Oribio”.

Dende entón, o proxecto ficou parado. A súa declaración de impacto ambiental fora aprobada no ano 2005, momento dende o que se modificaron as circunstancias tecnolóxicas, enerxéticas e ambientais. Ademais, aprobouse o Plan Director da Rede Natura 2000 que, prohibe a instalación de novos parques eólicos nos espazos desta rede.





O 1 de outubro de 2018 publícase no DOG a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da infraestrutura eléctrica denominada LAT 132 kV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela.

As obras de xullo na serra do Iribio tamén son a probable causa da contaminación da auga da traída da veciñanza de Toca (hai unha investigación en curso), que apareceu o 23 de xullo con signos de contaminación. Por riba do lugar de Toca hai unha canteira de pizarra, na zona onde se sitúa o manancial de Toca, onde se deposita a terra vexetal e os materiais de refugallo procedentes das obras de ampliación de camiños realizadas por Fergo Galicia Vento na serra do Iribio.

Polo exposto, o deputado e a deputada que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta:

- Que medidas vai impulsar a Xunta para protexer a riqueza natural e patrimonial da Serra do Iribio?
- Ten a Xunta algunha solicitude de modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do “Parque Eólico Oribio”?
- Considera compatible o proxecto eólico do “Oribio” cos valores medioambientais da Serra do Iribio?
- Non considera a Xunta que o proxecto precisaría, para ir adiante, unha nova Declaración de Impacto Ambiental?
- Que actuacións tomou a Consellería de Medio Ambiente diante do levantamento da paralización cautelar das obras na serra do Iribio por parte do Concello de Samos?
- Non considera a Xunta que as obras realizadas por Fergo Galicia Vento na serra do Iribio precisan de autorización do Servizo de Conservación da Natureza?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2019 11:52:10
Nº Registro: 53474
Data envío: 06/08/2019 11:52:10.755

- Non considera a Xunta que a resolución do Concello de Samos autorizando as obras en xullo pode favorecer danos irreversibles sobre os hábitats e as especies protexidas nun espazo da Rede Natura 2000?
- Ten a Xunta algunha petición de legalización das obras realizadas por parte da empresa Fergo Galicia Vento?
- Vai a Xunta legalizar todas as obras realizadas na serra do Iribio?
- Por que a Xunta non facilita o acceso aos expedientes da infraestrutura eléctrica denominada LAT 132 KV parque eólico Serra de Oribio-subestación Triacastela, como do Parque Eólico Serra do Oribio por parte das organizacións ecoloxistas interesadas?
- Ten constancia a Xunta da situación de contaminación das augas da traída veciñal de Toca? Que actuacións ten feito ao respecto?
- Vai a Xunta continuar a súa permisividade coa fragmentación dos proxectos eólicos para facilitar ás empresas eludir trámites ambientais?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P Mixto

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 06/08/2019 11:44:33

Paula Vázquez Vero na data 06/08/2019 11:44:39

CSX REGISTRO 060819114439
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 54811(10/POC-008635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar o impacto medioambiental no regato de Piñor, nos ríos Furelos e Ulla, así como para a saúde humana, das verteduras procedentes do polígono industrial de Melide

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 12:31:02
Nº Rexistro: 54811
Data envío: 02/09/2019 12:31:02.373

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O río Furelos é o que se di un río con personalidade, aparece nas cantigas tradicionais da zona, famoso polas súas troitas e nos últimos tempos polas actividades que xera. Nel, tódolos anos, centos de rapaces e rapazas participan en campañas de limpeza do mesmo ó tempo que adquiren conciencia e hábitos de conservación da natureza.

Ten así mesmo unha asociación de troiteiros moi activa que leva o seu nome e que cuida da súa saúde medioambiental.

Pois ben, o pasado 17 de marzo de mañanciña saltaron tódalas alarmas desde os pescadores porque se observaba unha capa de espuma de varios centímetros de espesor na tona da auga. de espuma e augas. Feito un seguimento río arriba comprobouse que o citado vertido procedía do polígono industrial .

Sabido é que este polígono cunha moi boa implantación e actividade verte libremente ó rego de Piñor-Reboredo que da as súas augas ó Furelos e este á súa vez ó Ulla.

CSM-REXISTRO-CORRUUIAP3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 12:31:02
Nº Rexistro: 54811
Data envío: 02/09/2019 12:31:02.373

Sabido é tamén que ademais destes vertidos constantes acontecen con certa frecuencia os que se fan visibles pola súa intensidade e por veces pola mortandade piscícola que se aprecia a simple vista.

Ninguén se explica que tal polígono industrial teña a ocupación que ten, leve funcionando todos estes anos e que non conte cunha estación depuradora industrial como é preceptivo e manda a lei. Só desde o desinterese, falta de conciencia e conculcación da legalidade das autoridades responsables do medio ambiente e da calidade das augas tanto do concello coma da Xunta de Galicia é que se pode explicar tamaña situación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Sabe o goberno galego que o polígono de Melide carece de EDAR e que verte directamente ó Furelos e logo ó Ulla?

-Sabe o goberno galego que por veces rexístranse vertidos que poñen en perigo a vida existente no regato de Piñor, o río Furelos e o Ulla do que hai poboacións río abaixo que toman auga para consumo humano?

-Teñen pensado tomar algunha medida?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

CSV: REXISTROCDUJiap3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 12:31:02
Nº Rexistro: 54811
Data envío: 02/09/2019 12:31:02.373

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2019 11:01:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2019 11:01:29

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2019 11:01:31

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2019 11:01:32

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2019 11:01:34

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2019 11:01:35



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 55819(10/POC-008788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para paralizar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, sometida á información pública no ano 2012, as previsións ao respecto para a X lexislatura, así como a revisión do plan director e a aprobación dos plans de xestión específicos para cada un dos lugares inseridos nela

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 18:04:30
Nº Rexistro: 55819
Data envío: 16/09/2019 18:04:30.395

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á rede natura.

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia.

Este documento di literalmente o seguinte:

A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superfícies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).

A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 18:04:30
Nº Rexistro: 55819
Data envío: 16/09/2019 18:04:30.396

aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.

Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,

ACORDO:

Ampliar o período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia que se abriu mediante o Anuncio do 2 de xaneiro. O dito período de participación ampliase nun prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren



CSX4 REXISTROBLVMTX1Y1n8





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 18:04:30
Nº Rexistro: 55819
Data envío: 16/09/2019 18:04:30.396

directamente afectados, poidan remitir observacións e opinións mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico ampliacionnatura2000.cmr.santiago@xunta.es

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron máis de sete anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

2. No ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000. Este Plan foi obxecto en 2015 dun informe moi crítico por parte da Comisión Europea, tanto no referente a ZEC da rexión bioxeográfica Atlántica como da Mediterránea. O informe sinala, entre outras deficiencias, as seguintes:

As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión.

3. No mes de xullo de 2017, a daquela conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostíbel para os concellos.

Anteriormente, no mes de xuño, aprobouse na Comisión 2ª unha proposición non de lei do PP na que se instaba ao goberno galego a “iniciar os traballos de estudo e documentación para ampliar a Rede Natura 2000”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 18:04:30
Nº Rexistro: 55819
Data envío: 16/09/2019 18:04:30.396

Semella unha burla que a Xunta fale en 2017 de ampliar a Rede Natura cando este trámite xa foi iniciado e sometido ao trámite de información pública no ano 2012.

A realidade é que pasaron máis de 7 anos desde a tramitación desta ampliación urxida pola CE (e 11 anos desde a proposta de 2008, máis ambiciosa) e Galiza está á cola do Estado en superficie de territorio protexido por Rede Natura.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Por que razón a Xunta de Galiza incumpre o mandado da Comisión Europea a respecto da ampliación da Rede Natura?
2. Por que a Xunta de Galiza paralizou a ampliación da Rede Natura sometida a información pública no ano 2012?
3. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto da ampliación da Rede Natura na presente lexislatura?
4. Ten coñecemento o goberno galego do deterioro irreversible que sufriron moitos deses espazos?
5. En cantos dos espazos incluídos na proposta de ampliación se desenvolveron ou están previstos proxectos mineiros, hidroeléctricos, eólicos e de plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos?
6. Ten previsto o goberno galego revisar o Plan Director da Rede Natura e aprobar Plans de xestión específicos para cada un dos lugares, tal como reclamou a Comisión Europea?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 18:04:30
Nº Registro: 55819
Data envío: 16/09/2019 18:04:30.396

7. Que previsións ten o goberno galego en canto á ampliación da Rede Natura na presente lexislatura?

8. Como valora o goberno galego o feito de que Galiza ocupe o último lugar do estado en porcentaxe de superficie protexida pola Rede Natura?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:53:00

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:53:09

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:53:17



CSX4:REXISTROBLVMTXYfns

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 18:04:30
Nº Registro: 55819
Data envío: 16/09/2019 18:04:30.396

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:53:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:53:34

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:53:43

CSX4 REGISTROBLVMTXYfns
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 57071(10/POC-008955)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para lles dar
resposta aos catorce mil solicitantes de vivenda inscritos no
Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2019 17:06:49
Nº Rexistro: 57071
Data envío: 07/10/2019 17:06:49.125

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

Milleiros de galegas e galegos seguen a sufrir problemas para desfrutar do dereito a unha vivenda digna.

Si durante anos os desafuzamentos e os obstáculos para a adquisición de vivenda se localizaban no mercado hipotecario, hoxe céntranse no mercados de aluguer.

A imposibilidade de acceder a unha hipoteca polo endurecemento das condicións e pola precariedade e inestabilidade laboral, fixo que nos últimos anos se incrementase espectacularmente a porcentaxe de aluguer no acceso á vivenda.

Isto, unido á falla de políticas que sexan capaces de regular o mercado, fai que os prezos suban constantemente, suba que non é acompañada cun incremento proporcional dos ingresos da poboación.

Así increméntanse os desafuzamentos, as dificultades de emancipación da mocidade ou os ingresos que moitas familias adican ao pago do aluguer.

Mentres o Goberno galego abandona as políticas públicas de vivenda colocando a Galiza no furgón de cola na construción de vivenda protexida, sen apostar pola creación dun parque público de aluguer potente.

Ademais os instrumentos postos en marcha pola Xunta de Galicia non funcionan. Exemplo disto é o Programa de Vivendas Baleiras de Galicia, que é un estrepitoso fracaso que só foi capaz de ofrecer en 3 anos 20 vivendas para as persoas que a precisaban.

Mentres todo isto pasa, no Rexistro galego de demandantes de vivenda pública

CSM-REXISTROZBEXB66
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2019 17:06:49
Nº Rexistro: 57071
Data envío: 07/10/2019 17:06:49.125

existen 14.000 demandantes, dos cales preto de 10.000 demandan unha vivenda de protección en aluguer.

O ritmo de construción ou cualificación de vivenda protexida fai imposible darlle resposta a esta demanda.

Por todo o exposto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas ten pensado tomar o Goberno galego para dar resposta aos 14.000 solicitantes de vivenda inscritos no Rexistro de demandantes de vivenda pública?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/10/2019 17:01:30

Marcos Cal Ogando na data 07/10/2019 17:01:43



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 57108(10/POC-008959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a existencia en Galicia de corenta e sete mil catrocentos fogares cualificados como inadecuados, as medidas que vai impulsar o Goberno galego para mellorar o grao de atención ás familias máis vulnerables e as razóns do recorte ano tras ano das partidas orzamentarias destinadas desde 2017 ao Programa de infravivenda, do Plan RehaVita, cando a demanda incrementou

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 10:20:16
Nº Rexistro: 57108
Data envío: 08/10/2019 10:20:16.335

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O primeiro luns de outubro celébrase cada ano o Día Mundial da Arquitectura. E este ano a Unión Internacional de Arquitectos dedicouno á imperiosa necesidade de conquistar que unha vivenda para todas e todos sexa un dereito e non só un desexo.

Esta mensaxe, que é universal, ten unha lectura propia no ámbito galego.

O recente Informe sobre exclusión e desenvolvemento social en Galicia da Fundación Foessa revela que a metade da poboación de Galicia (o 49,8 %) considera que a Administración ten o deber de garantir o acceso a unha vivenda a toda a poboación, e a outra metade (o 49,7 %) que ese deber ten que limitarse a aquela poboación en situación de necesidade. En todo caso a práctica totalidade da poboación galega, considera que o acceso a unha vivenda ten que ser garantido, en todo caso para os colectivos máis vulnerables.

En Galicia, son moitos galegos e galegas as que viven a día de hoxe en vivendas que son ou ben inadecuadas ou ben inseguras. Fronte ó que acontece no resto de España, é maior a porcentaxe de persoas en Galicia que viven en vivendas inseguras, con vulnerabilidade á expulsión da vivenda, ou con inseguridade xurídica do aluguer e da tenencia, fronte a aquelas que o fan en vivendas inadecuadas. Por inadecuadas se entenden aquelas que non reúnen as condicións mínimas para vivir. Estas poden ser:

- Non ter as características construtivas adecuadas para ser habitadas (deficiencias graves na construción, estado de ruina, etc.).
- Non dispoñer de subministracións e dotacións adecuadas para permitir a hixiene e a salubridade (auga corrente, auga quente, enerxía eléctrica, evacuación augas sucias, etc.).
- Non darse as condicións adecuadas para vivir en condicións de confortabilidade e privacidade (sobreocupación, existencia de barreiras arquitectónicas en vivendas con persoas con discapacidade, etc.).

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-OBBI-HUS559
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 10:20:16
Nº Registro: 57108
Data envío: 08/10/2019 10:20:16.336

E as cifras son moi alarmantes posto que son preto de 205.000 persoas en Galicia, o 7,6 % da poboación galega, quen reside nunha vivenda insegura en Galicia e 149.000, o 5,5 % da poboación quen o fai nunha vivenda inadecuada.

Isto sumado á pobreza enerxética que ten levado a que o 9,8 % da poboación tivera problemas para o pago de gastos relacionados coa vivenda e o 5,1 % para facer fronte a avisos de corte na subministración de luz, auga ou teléfono, dános unha idea clara de que os custos que conleva unha vivenda, tanto para o acceso, como o seu mantemento, seguen a ser especialmente gravosos para unha porcentaxe aínda elevada da poboación galega.

Son por tanto 47.400 os fogares galegos que viven a día de hoxe en vivendas inadecuadas, e que representan a eses 149.000 galegos e galegas que viven en precario.

A Xunta de Galicia a través do Plan Rehavita ten posto a disposición, pero só para os concellos con menos de 10.000 habitantes unha partida anual para axudar á erradicación da infravivenda en Galicia. Sen embargo fronte ós 500.000 € destinado no 2017, no ano 2018 esta cantidade se viu reducida a 300.000 €. Neste ano tamén volveu reducirse, con tan só 200.000 €.

Ata o momento foron 19 o total de concellos da Galicia rural beneficiados desde o 2017 con estas axudas, e apenas 34 os fogares atendidos.

Sen embargo o problema das infravivendas é unha realidade que afecta a todo o territorio galego e que debería ser abordada en todos os concellos.

Máxime cando unha porcentaxe alta das infravivendas están situadas nos extrarradios dos grandes concellos de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno de que son 47.400 os fogares en Galicia que residen en vivendas cualificadas como inadecuadas?
2. Ante esta situación, e o baixo grao de atención que ten demostrado o Programa de Infravivenda do Plan Rehavita, con apenas 12 e 22 casos

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 10:20:16
Nº Rexistro: 57108
Data envío: 08/10/2019 10:20:16.336

atendidos no 2017 e no 2018, que medidas ten pensado impulsar para mellorar o grao de atención das familias máis vulnerables de Galicia?

3. Entende o Goberno, que estas axudas, van destinadas a persoas propietarias, pero con moi baixos recursos para poder asumir melloras nas súas vivendas?
4. Cal é a razón pola que as partidas destinadas desde o 2017 a este Programa de Infravivenda se teñen reducido sistematicamente ano tras ano, cando a demanda pola contra se ten incrementado?
5. Cree que é asumible para Galicia que tantos e tantas galegas teñan que vivir en condicións tan lamentables?

Pazo do Parlamento, 07 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 10:13:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2019 10:15:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 10:15:12



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 57211(10/POC-008975)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a resposta da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda á pregunta parlamentaria referida ás analíticas realizadas por Augas de Galicia nos acuíferos do contorno da antiga mina de Touro, a posible detección da desaparición da balsa de Bama nalgunha das inspeccións regulares realizadas pola consellaría con motivo da vixilancia periódica da zona e as súas causas

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57211
Data envío: 08/10/2019 19:51:03.771

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**.

A finais de setembro de 2019 distintos medios de comunicación publicaban a nova de que a balsa de Bama, dentro da antiga explotación mineira de Touro-O Pino, estaba practicamente seca.

Esa balsa foi noticia nos invernos anteriores xusto polo contrario: por rebordar e verter as súas augas contaminadas ao DPH a través do río Brandelos, tributario do Ulla.

De feito, para esa balsa presentárase unha solicitude de punto de vertido, no documento “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ASOCIADA A LA SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AGUAS PLUVIALES PROCEDENTES DE LA Balsa DE BAMA. TOURO Documento Refundido”, (presentado por Explotaciones Gallegas a principios de 2019 dentro do “PROXECTO DE DRENAXE TEMPORAL DA MINA DE TOURO”. EXPEDIENTE: DH.W15.64849).

Neste informe propónse tratar con tecnosolos as augas que escoan dentro da mina cara a balsa de Bama (“balsa 2”), agora “desaparecida”, co obxecto de reducir o pH e a carga de metais e sólidos en suspensión que están chegando a dita balsa e rebordando cara o DPH a través do Brandelos, tributario do Ulla. A empresa informaba tamén que este proceso xa está en marcha. Ao teor do indicado na páxina 20 do documento poderíase verter ata 637.963,12 m³ /ano .

CSM-REXISTROXERALPZ007
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57211
Data envío: 08/10/2019 19:51:03.771

Moitos aspectos da información contida neste documento chaman poderosamente a atención:

-A balsa de Bama, denominada “balsa 2”, leva vertendo durante anos augas contaminadas pola mina ao DPH, sen ningún tratamento e sen contar co permiso de vertido que viñan a solicitar.

-A empresa reconece a alta carga contaminante das augas de escorrentía interiores á mina, que denominan "augas brutas". Son estas as que escoan cara a dita balsa de Bama (balsa 2) e fan que os aportes por rebordamento desta balsa ao Brandelos non cumpran coas NCA.

Na súa argumentación a favor de tratar con tecnosolos as augas antes da chegada destas á balsa de Bama, Explotaciones Gallegas S.L. afirma que estas “augas brutas” xéranse na mina debido ao alto potencial acidificante de "case a totalidade" (>90%) dos materiais xeolóxicos naturalmente presentes na explotación.

Estas afirmacións cuestionan a catalogación e cubicación que a promotora realizou dos materiais denominados NAG (non xeradores de drenaxe ácida) e PAG (potencialmente xeradores de drenaxe ácida), e que estimou nun 50%-50% como máximo, no proxecto “Actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.”. Este feito vén a confirmar que a práctica totalidade dos entullos xerados pola reapertura da mina xerarían drenaxes ácidas.

Polo tanto, todo o sistema de caracterización e distribución dos estériles previsto pola empresa Cobre San Rafael no seu proxecto sería absolutamente incoherente coas súas propias afirmacións. Trátase dunha grave contradición entre ambos que invalida a argumentación do proxecto mineiro, no cal ese 50% de estériles NAG



CSX REGISTRO XERAL ENTRADA
VERIFICADO
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57211
Data envío: 08/10/2019 19:51:03.771

serían os empregados na construción de diques do depósito de estériles, recheo de cortas etc, debido a que se esperaba non xerasen augas ácidas nin mobilizasen metais pesados. Esa porcentaxe finalmente non alcanza o 10%.

Na resposta dada pola Consellería de Medio Ambiente á pregunta número 32255 (formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, e cuxa resposta foi publicada no BOPG Número 357 do 17 de setembro de 2018) indicaba:

“De feito, Augas de Galicia ten abertos dous expedientes sancionadores por vertidos. Estes expedientes atópanse na fase final da tramitación. [...] Este traballo continúa, mantendo unha vixilancia periódica da zona, con inspeccións regulares ata verificar a eliminación completa das causas que provocaron os vertidos.”

Ante isto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.-A que “eliminación completa das causas” se refire a Consellería de Medio ambiente? Á desaparición completa da balsa?
- 2.- Foi detectada esa desaparición durante a vixilancia periódica da zona nalgunha das inspeccións regulares que a Consellería afirma facer?
- 3.- Neste senso, a información ofrecida polas augas brutas que alcanzaban a balsa de Bama convertíana nunha “testemuña incómoda” das incoherencias do proxecto mineiro. É ese o motivo da súa desaparición?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 09:30:00
Nº Registro: 57211
Data envío: 08/10/2019 19:51:03.771

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 08/10/2019 19:49:05

Marcos Cal Ogando na data 08/10/2019 19:49:20



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 29.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 57226(10/POC-008978)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 4 máis

Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras e a posta en funcionamento da estación meteorolóxica de Cospeito, así como a valoración que fai do estado en que aquelas se atopan á entrada da lagoa

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019



Á Mesa do parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A mediados do mes de marzo deste ano anunciouse a instalación de 12 novas estacións meteorolóxicas na comunidade autónoma, dentro do programa de modernización e actualización dos dispositivos que se encargan de subministrar información meteorolóxica e da calidade do aire.

O plan prevía a instalación destas novas estacións nos concellos do Valadouro, Riotorto, Cospeito, Mondariz, Porriño, Portomarín, As Neves, Monforte, Laxe, Baiona e Forcarei; mentres que as pantallas de información disporanse nos municipios de Santiago de Compostela (dúas pantallas), A Coruña, Ourense, Pontevedra, Lugo, Ferrol, Monforte, Verín, Ribadeo, Baiona, Lalín, Porto do Son, Ribeira, Sanxenxo, O Grove, Foz, Fisterra, O Cebreiro, Sarria e Melide.

A previsión era iniciar de xeito inmediato as obras necesarias para as instalacións e que os traballos estiveran rematados a finais dese mesmo mes de marzo, de xeito que os datos estivesen dispoñibles en tempo real na páxina *web* de MeteoGalicia e tamén na aplicación móbil de MeteoGalicia; polo menos esa era a información que se deu naquel momento desde o Goberno da Xunta de Galicia.

O certo é que no caso da estación meteorolóxica de Cospeito a día de hoxe hai dúas columnas de formigón en pé e o que parecen ser bases con acometidas de electricidade para o funcionamento da estación; é dicir, medio ano despois dos anuncios oficiais nin estación meteorolóxica, nin datos en tempo real nin ningunha previsión de que se remate esta instalación.

Ademais, esta situación se dá nun entorno privilexiado como é a entrada á lagoa de Cospeito, lugar moi visitado polo seu alto valor medio ambiental.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo polo que a nova estación meteorolóxica de Cospeito non está rematada?

2ª) Que prazos existen para a conclusión das obras e a posta en funcionamento desta estación?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:08:48
Nº Registro: 57226
Data envío: 09/10/2019 11:08:48.494

3ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado no que se atopan as obras á entrada da lagoa de Cospeito?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2019 19:05:36

Patricia Otero Rodríguez na data 08/10/2019 19:05:48

María de la Concepción Burgo López na data 08/10/2019 19:06:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2019 19:06:15

María Luisa Pierres López na data 08/10/2019 19:06:35

